



ILUSTRACIÓN: *Verde granito*

AUTOR: A. T.

Iolanda Galanes Santos, Ana Luna Alonso, Silvia Montero Küpper e Áurea Fernández Rodríguez (eds.). *La traducción literaria. Nuevas investigaciones*. 2016. Granada: Editorial Comares. Col. Interlingua. 339 pp.

Nun momento en que os estudos de tradución se centran en tipoloxías textuais non literarias, as profesoras da Universidade de Vigo e integrantes do grupo BITRAGA, Iolanda Galanes, Silvia Montero, Áurea Fernández e Ana Luna, coordinan este volume colectivo que ofrece unha panorámica da situación actual da investigación en tradución literaria no Estado nas tres últimas décadas. A obra reúne reflexións contemporáneas sobre cuestións ligadas á evolución das teorías e novas tendencias na investigación en tradución literaria e fai unha aproximación literaria desde diferentes puntos de vista mediante a identificación dos axentes, a presentación dunha análise das relacións intersistémicas a través da tradución e a mostra dalgúns resultados da investigación.

O volume inicia con dous artigos verbo dos aspectos teóricos e instrumentais da tradución literaria no ámbito académico, a cargo de Luis Pegenaute e Ana Luna. No primeiro deles, Pegenaute introduce a amplitude da definición de tradución literaria, os criterios para a súa clasificación e a súa relación coa creación, para logo repasar as aproximacións sociolóxicas á tradución desde unha perspectiva perfilada co 'xiro cultural' e próxima aos Estudos Culturais. O autor aborda tamén o concepto de 'literatura universal' e o debate sobre a conveniencia (ou non) de ler literatura estranxeira a través de traducións, cuestión que conta con diferentes correntes de opinión, mais sobre a que se agradece unha reflexión rigorosa que non menoscabe a importancia e influencia da tradución na evolución dos diferentes sistemas literarios. Pola súa banda, Luna recompila ferramentas telemáticas para almacenar e procesar

información sobre textos literarios traducidos no marco ibérico e analiza a explotación dalgunhas delas en dúas fases: a primeira, metodolóxica e a segunda, de análise, mediante o Catálogo da tradución galega do grupo BITRAGA, do que tamén explica as súas principais características.

6 Dentro do mesmo eixo temático, pero centradas no ámbito institucional, escriben Silvia Montero, M. Carmen Villarino e Áurea Fernández. Villarino analiza as dinámicas do mercado mundial da tradución e as estratexias xeopolíticas e xeoculturais que se dan nas feiras internacionais do libro. Analiza a Feira de Frankfurt, de crucial importancia para o mundo editorial, e a participación nela como país convidado. Se ben este recoñecemento adoita outorgarse a países con mercados editoriais emerxentes ou universos lingüísticos e culturais diversos, a autora innova ao empregar como exemplo a participación da Arxentina, de Cataluña e do Brasil e analizar as estratexias de internacionalización destes países, o impacto derivado da participación e a necesidade das políticas e investimentos públicos con posterioridade á feira. Pola súa banda, Montero anota unha serie de consideracións teóricas sobre o concepto de políticas de tradución, as funcións da tradución literaria e a importancia da intratradución e da extratradución. A seguir, afonda nas políticas de tradución estatais e europeas, así como nos premios e subvencións a nivel español, tanto de ámbito estatal como autonómico, de interesante análise diferenciada, pois diverxen en finalidades e enfoque polas necesidades propias das comunidades con linguas cooficiais. Na mesma liña temática e contexto xeográfico, Fernández afonda na capacidade do tradutor como iniciador, co necesario propósito de visibilizar e dignificar o seu labor, así como de explicar o papel que os tradutores literarios desenvolven como axentes importadores e propagadores de literaturas descoñecidas nos campos literarios do Estado. Para explicalo, compara os axentes implicados e os sistemas no seu contexto espacial, social e histórico.

Tendo como eixo temático as recentes investigacións dos principais sistemas literarios estatais, Carmen Francí analiza os cambios experimentados na tradución de libros no Estado entre 1980 e 2015, centrándose na transformación do sector editorial á par que a transformación económica, social e política coa chegada da democracia. A continuación analiza o desenvolvemento da tradución no marco universitario e o lugar que ocupa a tradución literaria na formación deses futuros tradutores. A seguir, estuda o marco legal a que se acolle o exercicio da tradución literaria, así como os protocolos entre o gre-

mio de editores e tradutores e escritores. Finalmente, apunta unha serie de notas sobre a presenza pública do tradutor, así como a evolución das políticas públicas da Administración estatal en relación coa tradución de libros.

No seguinte artigo, Elizabete Manterola ofrece unha visión xeral do desenvolvemento da tradución literaria no País Vasco nos últimos 35 anos, contribución de fondo interese da que poder tirar proveito en futuras análises comparativas co sistema literario galego que sirvan como retroalimentación destes. Inicia cunha contextualización sociolingüística dos territorios euscaldúns e das diferentes nocións de literatura vasca —decantándose acertadamente polo criterio lingüístico para o estudo— e describe as ferramentas e metodoloxía empregadas. A seguir, explica o grao en que a tradución contribuíu ao desenvolvemento da literatura vasca, cunha panorámica da importación de obra allea, para chegar a unha visión xeral da presenza e impacto da tradución directa nesta literatura, cos últimos avances na materia, así como as cifras xerais da tradución literaria do éuscaro cara a outras linguas.

Dentro do sistema literario galego, Iolanda Galanes estuda a ‘fase comercial’ da tradución en Galicia, cunha caracterización da tradución literaria galega en que recolle o volume, os períodos, a direccionalidade e os xéneros de tradución, así como o grao de diálogo ou monólogo establecido con outras culturas. A autora elabora tamén unha rigorosa análise cualitativa da tradución literaria galega para desentrañar como avanzou, establecer subperíodos e identificar tendencias.

Como peche deste eixo temático, Pere Comellas repasa a tradición editora en catalán e ofrece unha relación de datos sobre tradución desde e cara a esa lingua, con cifras relativas á tradución de Literatura Infantil e Xuvenil (en adiante, LIX) e, máis polo miúdo, á literatura catalá para adultos. Das análises tira diferentes conclusións, entre as que destaca a situación de interferencia co castelán, común á intratradución e á extratradución. Comellas engade unha pequena pero valiosa achega sobre a produción editorial en aranés e as dificultades para o seu crecemento, así como sobre a situación da tradución desde e cara a esa lingua, nunha situación practicamente marxinal e de invisibilidade. Estes apuntamentos sobre o sistema aranés, malia seren sucintos, resultan novidosos e interesantes e deberan ser precursores para, en vindeiras publicacións, contar coas análises de especialistas noutras culturas minorizadas do ámbito estatal.

O último dos eixos temáticos engloba cinco estudos de caso sobre a tradución literaria. No primeiro deles, Isabel Pascua estuda o desenvolvemento dos traballos académicos sobre a tradución de LIX, unha literatura moitas veces desprestixiada e que sen dúbida merece de atención e recoñecemento, tamén desde o ámbito da tradución. Pascua recolle, desde unha perspectiva histórica, a evolución da produción editorial, académica e investigadora en relación coa LIX, así como unha síntese das perspectivas desde as que se enfocan os estudos sobre a tradución literaria nas últimas décadas e unha análise da tradución da intertextualidade cultural na LIX. Describe a socialización da tradución como forza mediadora e expón as súas últimas investigacións, por unha banda centradas na literatura cultural atendendo a diversas problemáticas e pola outra, en se no Estado a LIX está preparada para ese cambio cultural, en se existen eses novos modelos na LIX actual e en como evoluciona a recepción desa temática a través da tradución.

8 No seguinte estudo, Esther Morillas introduce a evolución histórica do xénero policial no Estado e apóiase en reflexións de diferentes teóricos para albiscar a situación do xénero na actualidade, centrándose na evolución da produción propia. Como exemplificación da alta presenza de novela policial no Estado, ofrece unha análise de catro autores e as características principais da súa obra, que reflicten o proceso de transformación realista do xénero en Europa. A innovadora e acertada aposta polo estudo da novela negra e a súa tradución convida a investigacións sobre a tradución de (sub)xéneros e literarios menos estudados —pero non por iso menos prolíficos ou faltos de interese tradutolóxico— susceptibles de seren publicadas en vindeiros volumes.

Nuria Brufau presenta, no seu estudo de caso, a tradución da(s) narrativa(s) de xénero e poscolonialismo a través da reflexión sobre elas e sobre as propias narrativas de tradución cando se combinan, exemplificándoo coa literatura chicana escrita por mulleres, unha narrativa pouco explorada, pero de fondo interese e valor. A autora reflexiona sobre tres conceptos fundamentais no estudo: o significado de literatura poscolonial ou ‘de fronteira’, o significado de literatura de xénero e a narrativa ‘chican-a’. A seguir, afonda en como os Estudos de Tradución se ocuparon da tradución do diverso e no traballo de teóricas sobre a tradución do desigual. Por último, debulla os retos na tradución da narrativa chican-a e as estratexias que se poden seguir para contribuír coa tradución á necesaria reflexión sobre as complexidades e riquezas da vida dunha muller na fronteira e á admisión da tradución como compromiso

político. O tratamento transversal destas dúas narrativas pon en valor a súa relevancia histórica e supón un pulo para a súa crecente e necesaria consideración nos estudos científicos.

María do Cebreiro continúa o volume cunha panorámica do estado da tradución poética nas tradicións literarias galega, vasca e catalá, xunto cos cambios experimentados polas políticas do libro para indagar sobre os efectos da crise económica e institucional. Así, explora a situación actual da tradución de poesía nos tres sistemas literarios en base á tradución de libros de autor e antoloxías poéticas para trazar unha comparativa entre os casos de estudo, desde a que constata a permeabilidade das nacións sen Estado aos procesos de internacionalización literaria. Por último, centra a súa atención na situación das relacións interliterarias no Estado, pondo de manifesto que, malia manter unha autonomía con respecto á economía e á política, a crise do modelo territorial tivo consecuencias nas dinámicas literarias do ámbito peninsular.

No último dos estudos, Manuel Vieites propón un modelo de traballo para considerar como funciona a tradución da obra dramática no Estado, así como a necesidade da non diferenciación entre tradución literaria e escénica. O autor realiza unha aproximación ao campo coa elaboración dun modelo teórico con diferentes análises desde o que abordar o estudo da obra dramática traducida. Engade, ademais, unha serie de consideracións relativas ás diferentes dinámicas e tendencias presentes no campo de estudo e outras relativas ao exercicio profesional da tradución e á súa necesaria visibilización.

Este volume vén sumarse aos estudos realizados con anterioridade no campo da tradución literaria desde diferentes perspectivas, ao tempo que abre o camiño a estudos máis profundos e minuciosos arredor de novas liñas aínda pouco exploradas. A complicación non se limita a plasmar a panorámica actual do ámbito de estudo, senón que se implica na visibilización e recoñecemento de sectores historicamente relegados, como os sistemas lingüísticos minorizados ou a narrativa de xénero, tendencias cuxa consideración e análise é tan necesaria como oportuna. A obra resulta unha valiosa e esclarecedora contribución, grazas á panorámica ofrecida a partir das acertadas consideracións teóricas, así como dos innovadores estudos de caso, para o avance da investigación e o coñecemento no ámbito da tradución literaria.

*Beatriz Fariñas Garrote*

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades